



## Guía Docente

| Datos Identificativos |   |                    |             |           | 2024/25 |
|-----------------------|---|--------------------|-------------|-----------|---------|
| Asignatura (*)        | Práctica Procesual Civil  |                    | Código      | 612499003 |         |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Avogacía (plan 2012)  |                    |             |           |         |
| Descriptorios         |   |                    |             |           |         |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo        | Créditos  |         |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Obrigatoria | 6         |         |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |             |           |         |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |             |           |         |
| Prerrequisitos        |   |                    |             |           |         |
| Departamento          | Dereito Público   |                    |             |           |         |
| Coordinación          |   | Correo electrónico |             |           |         |
| Profesorado           |   | Correo electrónico |             |           |         |
| Web                   |   |                    |             |           |         |
| Descrición xeral      | Mediante o Proceso Civil os particulares pódense defender das perturbacións que sufran nos seus intereses privados, sen prexuízo de que son posibles outros medios alternativos á xurisdición, como a mediación e a arbitraje. O proceso civil está rexido pola oportunidade, polo que na súa base encóntranse os dereitos subxectivos e a autonomía da vontade. En ocasións, tamén se utiliza para tutelar algúns intereses públicos, como ocorre nalgunhas cuestións matrimoniais, de paternidade, filiación ou incapacitación. A docencia que se imparte nesta materia persegue, principalmente, a adquisición polo/a estudante dun grao axeitado de coñecementos sobre as principais institucións do proceso civil. Concretamente: a) Os principios constitucionais relativos ao Proceso civil; b) A tutela xudicial efectiva; c) A función do Dereito procesual civil como instrumento de resolución de conflitos entre particulares; d) Os procedementos ordinarios ; e) A tutela cautelar ; f) O sistema de recursos; g) Os procesos especiais; h) O proceso de execución. |                    |             |           |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título  |
|--------|--|
| A1     | Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos especializados adquiridos no grao á realidade cambiante á que se enfrontan os avogados para evitar situacións de lesión, risco ou conflito en relación aos intereses encomendados ou o seu exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas e nas funcións de asesoramento |
| A2     | Coñecer as técnicas dirixidas á investigación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais   |
| A3     | Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdicionais nacionais e internacionais  |
| A4     | Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber atopar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdicional  |
| A5     | Coñecer e saber aplicar os dereitos e deberes deontolóxicos profesionais nas relacións do avogado co cliente, as outras partes, o tribunal ou autoridade pública e entre avogados  |
| A7     | Saber identificar conflitos de intereses e coñecer as técnicas para a súa resolución, establecer o alcance do segredo profesional e da confidencialidade, e preservar a independencia de criterio  |
| A10    | Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional   |
| A13    | Saber expor de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedimental   |
| B2     | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo  |
| B3     | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos  |



|     |   |
|-----|---|
| B4  | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| B5  | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido ou autónomo                             |
| B6  | Capacidade de traballo en equipo  |
| B9  | Capacidade de resolución de problemas   |
| B11 | Capacidade de argumentar tanto en forma oral como escrita   |
| B12 | Desenvolvemento dun espírito crítico, lóxico e creativo   |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma   |
| C2  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida              |
| C5  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse  |

| Resultados da aprendizaxe |  |
|---------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias /<br>Resultados do título |



## 1. Cuestións procesuais. Dilixencias preliminares, proba anticipada e medidas cautelares.

Obxectivos: Coñecer as actuacións previas que debe realizar un letrado antes de presentar a demnda; coñecer os requisitos e presupostos procesuais, coñecer o funcionamento das dilixencias preliminares, a proba anticipada e as medidas cautelares. Coñecer os diferentes tipos de procesos civís.

Habilidades: Asegurarse das cuestións procesuais e en particular da lexitimación, a conciliación, as dilixencias preliminares... Elixir a pretensión que se debe exercitar e precisar a petición.

Actitudes: ilustrar ao cliente sobre o distinto alcance das diferentes accións posibles. Procurar garantir o éxito da pretensión (dilixencias preliminares e proba anticipada). Concienciarse da necesidade de establecer correctamente a contía do procedemento. procurar asegurar a tutela cautelar.

## 2. Demanda, contestación e reconvencción. Xuízo ordinario.

Obxectivos: Coñecer o ámbito, as fases e o funcionamento do xuízo ordinario. Coñecer as especialidades materiais e procesuais que presentan as pretensións que se tramitan por esta vía. Habilidades: Saber concretar o obxecto das diferentes pretensións que se tramitan pola vía do xuízo ordinario. Elixir a pretensión a exercitar e precisar a petición. Aplicar correctamente as defensas e excepcións procesuais e materiais. Elaborar escritos forenses de demanda, contestación e reconvencción.

Actitudes: Valorar a conveniencia de acudir á vía do xuízo ordinario. Procurar garantir o éxito da pretensión. Tomar conciencia da relevancia e das peticións e a posibilidade de solicitude de alternativas e subsidiarias. Tomar conciencia da rigorosidade dos prazos. Acostumarse a preparar de xeito responsable os procesos nos que se intervén como avogado.

## 2. A proba.

Obxectivos: Coñecer a distinción entre feitos demostrados e demostrables. Implicar ao cliente na chega dos medios de proba. Dominar a técnica probatoria. Dominar a técnica da oratoria forense e do interrogatorio.

Actitudes: Valorar a conveniencia da achega ao preito dos distintos medios de proba. Acostumarse a elaborar un listado cos documentos imprescindibles e demais medios de proba nos casos habituais.

## 4. Fase oral do procedemento civil.

Obxectivos: coñecer a distinción entre feitos novos ou de nova noticia. Coñecer o sistema de recursos e impugnación de documentos.

Habilidades: Desenvolverse con soltura, como avogado do actor e do demandado na audiencia previa e no acto do xuízo. Dominar a técnica da oratoria forense.

Actitudes: argumentar en sustento da posición defendida. Dominar a técnica da oratoria forense.

## 5. Xuízo verbal.

Obxectivos: Coñecer o ámbito as fases e o funcionamento do xuízo verbal. Coñecer as especialidades materiais e procesuais que se tramitan pola vía do xuízo verbal.

Habilidades: Saber concretar o obxecto das diferentes pretensións que se tramitan pola vía do xuízo verbal. Aplicar correctamente as defensas e excepcións procesuais e materiais. Elaborar escritos para o xuízo verbal. Desenvolverse con soltura como avogado de actor e demandado na vista. Dominar a técnica da oratoria forense.

Actitudes: Valorar a conveniencia de acudir á vía do xuízo verbal. Perder o medo ás actuacións nos trámites orais.

Acostumarse a preparar de xeito responsable os procedementos nos que se vai intervenir como parte. Valorar a conveniencia de opoñerse ou conformarse coas pretensións deducidas de adverso.

## 6. Xuízo monitorio e cambiario.

Obxectivos: Coñecer cando son de aplicación os procedementos especiais e ter un esquema claro do procedemento.

Coñecer o ámbito, fases e funcionamento dos xuízos monitorio e cambiario.

Habilidades: Saber concretar o obxecto das pretensións que se tramitan polas vías dos procesos especiais. Asegurar os presupostos procesuais. Preparar axeitadamente os documentos que deben acompañar á petición inicial. Saber precisar a petición. Elaborar os escritos básicos dos procedementos. Prever a posible estratexia que pode adoptar o demandado.

Actitudes: Valorar a conveniencia de acudir á vía procesual privilexiada. Valorar a conveniencia de pagar, non contestar ou opoñerse ao xuízo.

## 7. Terminación do proceso.

Obxectivos: Coñecer cando son de aplicación as distintas vías de finalización do proceso. Coñecer as posibilidades de actuación procesual e material en cada un dos supostos.

Habilidades: Saber valorar as sentencias dictadas en orde á interposición dos recursos que correspondan. Diferenciar entre



aplanamento, renuncia e transacción. Prever as consecuencias dos distintos tipos de terminación do procedemento.

Actitudes: Acostumarse a analizar as sentenzas. Adquirir o hábito de analizar con detemento o xeito máis adecuado de terminación do proceso en función dos intereses dos patrocinados.

## 8. Recursos.

Obxectivos: Coñecer os sistema de recursos no proceso civil. Coñecer a técnica de tramitación dos recursos máis habituais.

Habilidades: Elaborar escritos de preparación, interposición, impugnación e oposición de recursos. Asegurarse das cuestións procesuais. Elixir a motivación e precisar a petición. Valorar a oportunidade de impugnar o recurso, opoñerse, viabilidade de propoñer proba ou celebrar vista. Dominar a técnica do infrome nas vistas dos recursos tanto dende o punto de vista do avogado recorrente como do recurrido.

Actitudes: Acostumarse a analizar con detemento as resolucións xudiciais e valorar a oportunidade de recurrilas dende o punto de vista coste/beneficio. Ser quen de elixir o medio de impugnación axeitado en cada caso concreto. Acostumarse a utilizar as bases de datos xurídicas para buscar os fundamentos do recurso. Tomar conciencia da reigrosidade dos prazos procesuais. Acostumarse a formular de xeito responsábel os recursos.

## 9. Execución.

Obxectivos: Coñecer o funcionamento do proceso de execución civil nas súas diferentes modalidades.

Habilidades: Desenvolver a execución provisional e definitiva en todos os seus trámites. Valorar o xuízo de execución, cuestións procesuais, a posible integración do patrimonio do debedor, medidas de investigación e localización de bens.

Actitudes: Valorar a conveniencia da execución provisional. Valorar a transcendencia da execución definitiva. Procurar garantir o éxito da pretensión executiva. Valorar a oportunidade de realizar os bens por medios diferentes á poxa.

## 10. Compravenda.

Obxectivos: Coñecer as peculiaridades dos contratos. Coñecer as características básicas da compravenda inmobiliaria. Coñecer as medidas de aseguramento.

Habilidades: Manexar o xeito de contratación e as súas cláusulas. Diferenciar as peculiaridades da compravenda inmobiliaria e de bens de consumo.

Actitudes: Analizar o tipo de contrato máis axeitado ás necesidades do cliente. Adquirir hábito de analizar con detemento as cláusulas dun contrato. Valorar a conveniencia de asegurar o pagamento e a entrega.

## 11. Xuízos simulados.

Cada alumno/a recibirá cando menos un caso no que deberá actuar asesorando ao seu cliente mentres outro compañeiro fará o mesmo dende a óptica da parte contraria. Ambas partes deberán facer e presenar, nos termos previstos legalmente, os escritos e actividades propias dun avogado en exercicio. A tramitación simulada dos procedementos levarase a cabo diante dun xulgado ou tribunal.

|      |      |     |
|------|------|-----|
| AM1  | BM2  | CM1 |
| AM2  | BM3  | CM2 |
| AM3  | BM4  | CM5 |
| AM4  | BM5  |     |
| AM5  | BM6  |     |
| AM7  | BM9  |     |
| AM10 | BM11 |     |
| AM13 | BM12 |     |



| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| 1.- Cuestións procesuais. Dilixencias preliminares, proba anticipada e medidas cautelares. | Xurisdición e competencia.<br>Capacidade e lexitimación.<br>Procedemento e contía.<br>A utilización das dilixencias preliminares. A proba anticipada<br>As medidas cautelares como aseguramento da tutela xudicial.  |
| 2. Demanda, contestación e reconvenção. Xuízo ordinario.                                   | Procedemento a seguir segundo o caso concreto. Ámbito e especialidades.<br>Achea documental.<br>Fundamentación xurídica.<br>A súplica ou petición principal e as peticións alternativas e subsidiarias.<br>Formulación de feitos novos e achega de novos documentos. |
| 3.A proba  | Distinción entre feitos demostrados e feitos demostrables.<br>Medios, valoración, proposición, práctica e impugnación.<br>Documentos notariais, rexistrais.<br>Proba de peritos.   |
| 4.- Fase oral do procedemento civil  | Audidencia previa.<br>Vista.<br>Feitos novos ou de nova noticia.<br>Impugnación de documentos.<br>Recurso de reposición na audiencia previa e protesta a efectos de apelación.<br>Conclusións.   |
| 5.- Xuízo verbal   | Especialidades.<br>Supostos de aplicación do xuízo verbal.<br>Fases do proceso.  |
| 6.- Xuízo monitorio e cambiario.   | Supostos de exercicio da acción monitoria e cambiaria.<br>Características.<br>Requisitos e ámbito obxectivo.<br>Especialidades procesuais: postulación, competencia, demanda, oposición e consecuencias da falla de oposición.                                       |
| 7.- Terminación do proceso   | Sentenza.<br>Aplanamento.<br>Renuncia.<br>Transacción.<br>Caducidade.<br>Consecuencias de cada unha das modalidades de terminación.  |
| 8.- Recursos   | Reposición.<br>Apelación.<br>Revisión.<br>Casación.<br>Estudo do seu contido, formalización, motivos e oposición.<br>Depósito para recurrir  |
| 9.- Execución.   | Execución provisional.<br>Execución definitiva.<br>Modalidades e trámites.<br>Oposición á execución.<br>Execución hipotecaria: trámites ata a subhasta e adxudicación.   |



|                   |  |
|-------------------|--|
| 10.- Compravenda. | <p>Formación dos contratos de compravenda.</p> <p>Opción de compra.</p> <p>Cláusulas típicas.</p> <p>Compravenda inmobiliaria (aspectos notariais e rexistrais). Medidas de aseguramento do pago.</p> <p>Responsabilidades do vendedor.</p> <p>Compravenda de consumo.</p> |
|-------------------|--|

| Planificación                 |   |   |                         |              |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral              | A1 A5 A10 B5 C2 C5  | 12                                      | 30                      | 42           |
| Estudo de casos               | A1 A2 A3 A4 A5 A7<br>A10 A13 B2 B3 B4 B5<br>B6 B9 B11 B12 C1<br>C2 C5 | 18                                      | 40                      | 58           |
| Análise de fontes documentais | A10 B11 B12   | 10                                      | 0                       | 10           |
| Prácticas clínicas            | A1 A2 A3 A4 A7 A10<br>B2 B3 B11                                       | 18                                      | 0                       | 18           |
| Proba obxectiva               | A13 B2 B11  | 2                                       | 0                       | 2            |
| Aprendizaxe colaborativa      | B4 B9   | 10                                      | 0                       | 10           |
| Atención personalizada        |   | 10                                      | 0                       | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Sesión maxistral              | As clases presenciais desenrólanse a partir dunhas sesións teóricas baseadas na lección maxistral. Despois utilízanse outras técnicas como as discusións dirixidas ou as presentacións orais  |
| Estudo de casos               | Estudo, resolución e discusión dos casos prácticos na aula e como parte do traballo autónomo do estudiantado.   |
| Análise de fontes documentais | Particularmente sentenzas dos distintos órganos xurisdicionais e escritos elaborados polos avogados no exercicio dirario da súa profesión.  |
| Prácticas clínicas            | Particularmente, no relativo ao exercicio profesional do avogado realizaranse xuízos simulados.   |
| Proba obxectiva               | Para a avaliación do alumnado ademais do que supón a avaliación continua durante o desenvolvemento do modulo tense en conta o resultado dunha proba mixta que, se ben pode variar dun curso a outro, basicamente está composta de preguntas tipo test, preguntas curtas, algunha pregunta a desenrolar e a resolución de casos prácticos. |
| Aprendizaxe colaborativa      | Fomentarase a realización das actividades e casos prácticos en equipo, de modo que se melloren as destrezas de aprendizaxe colaborativa.  |

| Atención personalizada |  |
|------------------------|--|
| Metodoloxías           | Descrición   |
| Estudo de casos        | Os profesores asesorarán ao estudante tanto para orientalo no estudo de casos como na participación de xuízos simulados. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|              |                           |            |               |



|                               |   |   |    |
|-------------------------------|---|---|----|
| Estudo de casos               | A1 A2 A3 A4 A5 A7<br>A10 A13 B2 B3 B4 B5<br>B6 B9 B11 B12 C1<br>C2 C5 | Avaliarase a resolución de casos prácticos realizada polo estudiantado.   | 10 |
| Análise de fontes documentais | A10 B11 B12   | Avaliaranse as actividades de análise e comentario de sentenzas e demais fontes documentais.                            | 10 |
| Prácticas clínicas            | A1 A2 A3 A4 A7 A10<br>B2 B3 B11                                       | Avaliarase o desempeño do estudiantado durante a realización dos xuízos simulados.                                      | 20 |
| Aprendizaxe colaborativa      | B4 B9   | Na avaliación terase en conta a participación do estudiantado nas actividades realizadas en equipo.                     | 10 |
| Proba obxectiva               | A13 B2 B11  | Poderá realizarse unha proba obxectiva que avalíe o coñecemento do estudiantado referido ao contido obxecto da materia. | 50 |

#### Observacións avaliación

#### Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías